

SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



Expediente:	97/142
Asunto:	Xustificación de subvención nominativa para o expediente “Orzamento municipal 2026” Identificación da entidade beneficiaria: Nome: Fundación Santa Cruz CIF: G67116756 Contía da subvención: 15.000,00 € Exercicio orzamentario: 2026 Programa: <i>Igualdade de Xénero</i> 2311 4890006
Informe emitido a petición do Director Superior Contable e Orzamentario mediante petición de data 09.07.2025	
Liña estratéxica coa que se correspondería (non incluída no Plan Estratéxico de Subvencións 2024/2026): 2.5 Atención aos colectivos e ás súas necesidades sociais: vítimas de violencia de xénero.	

INFORME:

PRIMEIRO.-

O artigo 25.2 o) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) sinala que o municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na seguinte materia: “actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres, así como contra a violencia de xénero”.

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponse aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e para a prevención e o tratamento da violencia de xénero. No seu artigo 1, inclúe, dentro do seu obxecto, a prestación de asistencia ás mulleres , aos seus fillos e fillas menores e aos e ás menores suxeitos á súa tutela e garda e custodia, vítimas desta violencia. Recoñece tamén, no seu artigo 19, o dereito á asistencia social integral para as vítimas e a competencia para a súa organización por parte das Comunidades autónomas e das Corporacións Locais.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece a estrutura do sistema de servizos sociais, consonte a dous niveis de actuación e establece as competencias dos Concellos e da Comunidade Autónoma na materia.

O Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia ten por obxecto a regulación do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e o réxime de autorización, acreditación e inspección de servizos sociais, de conformidade co disposto na Lei 13/2008.

En data 26 de febreiro de 2025, o Congreso das Deputadas e Deputados renova e actualiza o Pacto de Estado en materia de violencia de xénero. Esta renovación recolle, entre outras, as seguintes medidas:

90. Promover las unidades de apoyo en el ámbito local que, regidas por los principios de atención permanente, actuación urgente, especialización en las prestaciones y multidisciplinariedad profesional, ayuden a la identificación de las víctimas de violencia de género, con independencia de la interposición



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2025 11:49

Páxina 1 de 4

97-142

CSV: A8AED1-BAD425-398H2H-R75XCQ-VEG3YA-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



de la denuncia, mediante un seguimiento individualizado de cada situación, para asegurar la necesaria ayuda y atajar cualquier riesgo o desprotección.

144. Garantizar el enfoque interseccional en cualquier política, medida y respuesta institucional que se adopte para combatir la violencia contra las mujeres en todas sus formas, teniendo en cuenta las diferentes vulnerabilidades y circunstancias de las víctimas: en situación de pobreza o exclusión social, con problemas de adicciones, sin hogar, en prisión u otras instituciones cerradas, mujeres en contextos de prostitución, con problemas de salud mental, con discapacidad, mayores, jóvenes, en entornos rurales, mujeres migrantes o en otras situaciones de especial vulnerabilidad; de forma que se garantice su pleno acceso y ejercicio efectivo de derechos. Implementar o adaptar los recursos especializados a las necesidades y condiciones de dichas mujeres, para hacerlos plenamente accesibles e inclusivos para ellas (lengua de signos, pictogramas, lectura fácil, traducción e interpretación, eliminación de barreras físicas, etc.).

145. Adaptar los protocolos de actuación, procedimientos y demás medidas de prevención, detección, atención, protección y acompañamiento a la diversidad de mujeres: mujeres con discapacidad física y/o intelectual, mujeres migrantes, mujeres transexuales, mujeres mayores y en edad de jubilación, mujeres jóvenes, mujeres en el ámbito rural, mujeres con adicciones, mujeres con problemas de salud mental, etc.

233. (...) Incrementar y mejorar la red autonómica y local de asistencia integral a víctimas de violencia contra las mujeres en todas sus formas y los recursos de alojamiento, sean estos de emergencia, de acogida temporal, centros tutelados o de otro tipo. En las conferencias sectoriales correspondientes, se considerarán las ratios mínimas recomendadas desde el ámbito europeo.

234. Unificar, integrar y difundir la información acerca de la red integral de asistencia local y autonómica, en especial en lo que se refiere a los recursos de emergencia y número de plazas disponibles. Asegurar la formación en perspectiva de género, interseccional y de infancia del personal que preste servicio en dicha red y asegurar la protección de todas las víctimas, de acuerdo con sus circunstancias personales, también cuando se utilicen de manera transitoria otro tipo de recursos habitacionales.

O “IV Plan de Igualdade do Concello de Vigo”, contempla, entre os seus obxectivos específicos, garantir e mellorar a atención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero e, entre as actuacións a poñer en marcha, a potenciación e o incremento dos recursos específicos de atención e axuda ás mulleres vítimas de violencia.

Por último, a Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade de data 28 de xuño de 2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024) delega na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, en materia de igualdade, entre outras, as seguintes atribucións:

- Xestionar e promover servizos de información, atención e acollemento ás mulleres vítimas de violencia de xénero e fillos e fillas menores ao seu cargo
- Cooperar con outras institucións públicas ou privadas que desenvolvan actividades e programas relacionados coas competencias delegadas en materia de igualdade.



**SEGUNDO.-**

A institución «Fundación da Santa Cruz» (antes: “Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres”), con CIF G67116756, ten como obxectivo principal a atención e o coidado de persoas carentes de recursos e en situación de exclusión social severa. Trátase dunha das entidades sen ánimo de lucro que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de verdadeira necesidade e os seus centros asistenciais en Vigo constitúen uns valiosos recursos sociais dentro do conxunto do sistema de servizos sociais da cidade. En concreto, a institución dispón de dous centros autorizados pola Xunta de Galicia (Albergue e Casa de acollida) que cumpren cos requisitos da normativa vixente de autorización de centros e programas, incluídos no *Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais* (RUEPSS).

A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos públicos e recursos específicos para as mulleres, especialmente para as mulleres en situación de violencia de xénero. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller dependente do Concello de Vigo, que é o *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*, que lles ofrece información, atención e asesoramento. Esta atención se complementa co apoio e o acompañamento ás mulleres que ofrece a Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos (actividade financiada a través de subvención nominativa co Concello de Vigo). A esta rede de atención e asesoramento se une unha rede de acollida e de protección integrada polo *Centro de Emerxencia para mulleres en situación de violencia de xénero CEMVI* (xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar financiado a través de subvención nominativa co Concello de Vigo) e por tres vivendas municipais de protección.

Esta ampla rede de atención e acollemento garante unha atención integral a curto, medio e longo prazo. Se ben, en momentos puntuais do ano (Nadal, verán, etc) pode acontecer que o CEMVI non dispoña de prazas libres para o acollemento dunha muller e ter que ser trasladada a outra casa de acollida da nosa Comunidade Autónoma. Para evitar esta situación que, nalgúns casos, tería que darse en horario nocturno e/ou fins de semana, así como para garantir que calquera muller residente en Vigo en situación de violencia de xénero dispoña dun recurso habitacional de urxencia na cidade que sexa accesible as 24 horas do día, valórase xustificando a proposta desta subvención nominativa. A reserva de prazas no dispositivo de acollemento da Fundación Santa Cruz asegura a necesaria axuda e atalla calquera risco de desprotección, tendo en conta, ademais, as diferentes vulnerabilidades e circunstancias que poden ter algunhas vítimas: problemas de adicións, problemas de saúde mental, etc.

A subvención nominativa que se propón a favor da Fundación Santa Cruz ten por obxecto cubrir a necesidade dun aloxamento de urxencia, con carácter temporal e de maneira transitoria, das mulleres vítimas de violencia de xénero no seu dispositivo de acollemento, no que se garantirá unha reserva de prazas ás que derivarán as profesionais do servizo municipal de atención ás mulleres e as Forzas e os Corpos de Seguridade.

Estes fins cumpren cos obxectivos do Concello de Vigo a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres ao acadar, co desenvolvemento deste proxecto, os seguintes obxectivos estratéxicos: “Garantir a atención integral das mulleres en situación de violencia de xénero” e “Proporcionar unha residencia temporal que cubra as necesidades básicas e de seguridade diante dunha situación de crise e emerxencia vital e de ruptura de vínculos co agresor”.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 20/10/2025 11:49

Páxina 3 de 4

97-142

CSV: A8AED1-BAD425-398H2H-R75XCQ-VEG3YA-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SERVIZO DE
IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



POLO EXPOSTO:

Co obxecto de poder facer fronte aos gastos do convenio coa Fundación Santa Cruz para a reserva de prazas para o acollemento transitorio e de urxencia de mulleres vítimas de violencia de xénero será preciso que no orzamento finalmente aprobado para o exercicio 2026 se consigne crédito adecuado, necesario e suficiente (15.000,00 €) a nome da entidade “Fundación Santa Cruz” na partida 2311 4890006 do programa “Igualdade de Xénero”.

A dita subvención non está incluída no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Vigo 2024/2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2024, modificado por acordo da XGL de data 31.05.2024.

A Liña estratéxica que lle corresponde é a seguinte: 2.5: *Atención aos colectivos e as súas necesidades sociais: vítimas de violencia de xénero.*

Vigo, na data da sinatura dixital

A xefa do Servizo de Igualdade.- Cristina Gómez García

CONFORME,

A concelleira delegada de Igualdade e Comercio.- Ana Laura Iglesias González [Resolucións de Alcaldía de datas 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024) e 28/06/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025 (BOPPO núm. 115 do 18 de xuño de 2025)]

A concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.- María del Carmen Silva Rego [Resolucións de Alcaldía de datas 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), 28/06/2024 (BOPPO núm. 133 do 9 de xullo de 2024) e 28/06/2024 (BOPPO núm. 134 do 10 de xullo de 2024), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/06/2025 (BOPPO núm. 115 do 18 de xuño de 2025)]



Copia do documento - Concello de Vigo
97-142

Data impresión: 20/10/2025 11:49 | Páxina 4 de 4
CSV: A8AED1-BAD425-398H2H-R75XCQ-VEG3YA-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>